

## **RESOLUCIÓN DA ASAMBLEA DE FOANPAS**

Reunidas ás 17:00 H do día 13/08/2020 no exterior do edificio do IME, 35 ANPAS da Federación representadas en online e en presencial.

Por unanimidade as ANPAS de FOANPAS resolven que:

- Faremos un plante da xestión de actividades chamadas complementarias (aula matinal, comedor escolar e extraescolares) que xestionamos dende fai mais de 20 anos que son esenciais para a conciliación laboral-familiar e neste intres socioeconómica se antes do día 20 de Agosto a Administración autonómica competente na materia, ou sexa a Consellería de Educación non asume as seguintes demandas:
  1. Protocolo concreto sanitario e de distribución dos espazos axeitados (validado por inspector sanitario ou persoal equivalente da Consellería) e específico para cada un dos centros de ensino no que se refire a:
    - Aulas matinais, entradas e saídas, grupos de convivencia, materiais de desinfección, mascarillas, etc
    - Comedores escolares, horario de inicio, quendas asumibles, monitoraxe necesario para cumplir o protocolo, grupos de convivencia, materiais de separación entre usuarios (mamparas), aulas ou espazos utilizabeis, xeles hidroalcohólicos, panos desbotables, etc..
    - Actividades extraescolares, é posible facer calquer tipo de actividade extraescolar (deportes de contacto, etc).
  2. Fornecer cos recursos necesarios de tipo material (xeles hidroalcohólicos, mamparas, panos desbotables, sinalización, etc) para levalos a cabo, cumprindo o protocolo específico e os recursos humanos necesarios para cumplimentar as quendas e atender o alumnado NEAE (coidadores/as para alumnado NEAE).
  3. Persoal específico de desinfección (resolvendo rápidamente os Concellos concretos que son os responsables da desinfección)
  4. Facilitar o contacto directo entre o Centro de Saúde adxudicado ó centro escolar e as ANPAS (equipo COVID19 do centro escolar) que xestionan todos estos servizos complementarios para solventar dúbdidas que piuden xurdir.
  5. Deixar por escrito no Protocolo de adaptación o contexto da COVID19 nos centros de ensino non universitario da Consellería de Educación que a responsabilidade de tódolo acontecido e as consecuencias sanitarias da adaptación do Protocolo COVID19 será da Administración autonómica (educativa ou sanitaria) que é a autora deste Protocolo e non as ANPAS.
  6. Facer fincapé que no Protocolo de adaptación o contexto da COVID19 non se garantiza o peche da fenda dixital ou fenda tecnolóxica (falta de dispositivos ou conectividade) que será un posible escenario que é probable aconteza novamente nos vindeiros meses polo confinamento parcial ou total do alumnado.
  7. Dar resposta a grande incertidume que ten tódala comunidade educativa (as familias sobre todo) sobre o distanciamento interpersoal de seguridade que reflexa o Protocolo COVID19 de 1 metro entre os centros das cadeiras onde se sentan nosos fillos/fillas e a falla de rigurosidade científica nese plantexamento do protocolo (10 de Maio de 2020), xa que provoca que haxa a mesma cantidade de alumnos nas aulas pre-COVID (25 alumnos/as) que nas aulas do período COVID (25 alumnos/as) como máximo e sen máscara.  
¿Cómo é posible que en tódolos demais regulamentos/decretos das Administracións estatal ou autonómica o distanciamento interpersoal de seguridade sexa de 1,5 metros a lo menos?

En Vigo a 13 de Agosto de 2020

Oscar Souto Enriquez  
Secretario de FOANPAS

Miguel Álvarez Parada  
Vº e Praze Presidente de FOANPAS